

Ourense e mais Allariz foron a cidade e a vila que eleximos para este Galeusca, por ser a Galiza interior, fermosa no outono, e por apoialas culturalmente e dalgún xeito trasgredir a tendencia a facer as actividades culturais no eixo máis atlántico. Apoiar o noso patrimonio cultural, reivindicar o seu futuro.

E concretamente en Ourense porque sempre amou aos seus escritores. Acolleunos, amorosa, nas súas rúas, no pálpito das súas noites.

Ourense alimentou a súa creación literaria cun idioma que bebe nas augas máis limpas e fondas da nosa terra.

Ourense arroupou e valorou sempre aos seus escritores e creadores mais diversos, e eles déronlle a Ourense homes que xustificarian a existencia dun país, como foron os homes da Xeración Nós!

Eleximos ourense porque é a cidade que vivirá sempre vencellada ás personaxes que os escritores tomaron das súas rúas, porque Ourense é tamén literatura e ten unha acolledora intimidade urbana que axudará a compartir experiencias aos congresistas.

E eleximos Allariz porque é un referente de vila que recuperou a súa historia, a que está no centro de gravidade da nosa historia mais fértil, e, na súa recuperación, puxo ao ser humano no centro da vida diaria, facendo ao seu río Arnoia como protagonista case que humano que a vive

Allariz é unha vila que abraza a quen a vive.

E eleximos a Allariz tamén porque cando veñen escritores e escritoras de outras culturas e países queremos facer o mesmo que eles fixeron cando nós fomos os seus invitados: mostrarlles o millor de nós; unha vila culta, exemplar na posta en valor da súa historia a través da súa arquitectura, e concretamente da arquitectura dos oficios, até se converter nun referente internacional.

Estamos seguros de que tanto Ourense como Allariz, que posúen ese cálido fulgor do interior do noso país, deslumbrarán aos nosos invitados de fóra e aos nosos de casa, e vivirán as fermosas xornadas que lles estamos a anunciar.